

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA 2020

A Presidenta de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o vindeiro **venres 30 de Outubro de 2020**, nesta ocasión debido as circunstancias derivadas da COVID19, **en formato dixital a través da Plataforma ZOOM**. Sendo a primeira convocatoria ás **16:00 h.** e a segunda ás **16:30 h.**

Orde do Día:

1. Informe de xestión e económico do exercicio 2019.

*Preséntanse a memoria de xestión e actividades desenvolvidas e as contas anuais do 2019 da entidade.
Darase lectura ao informe de auditoría de contas da entidade.*

2. Aprobación, se procede, do informe de xestión, das contas anuais e da distribución de resultados do exercicio 2019.

En base aos puntos anteriores, someterase a votación a aprobación o informe de xestión e das contas e do destino do resultado existente, da entidade.

3. Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, para o exercicio 2020: actuacións e orzamento.

Presentaranse, para o seu acordo, as actividades que pensamos que debe abordar ESPAZOCOOP ao longo de 2020, así como o proxecto de orzamentos para o ano 2020.

4. Modificación da composición do Consello Rector.

Proposta de modificación das persoas membros do consello rector pola baixa de Isabel García non rexistrada.

5. Cotas de socias e custo dos servizos para o exercicio.

Aprobación no seu caso das cotas de socias e custo dos servizos para o exercicio.

6. Aprobación, se procede do Manual de Bo Goberno e Comité Ético.

Aprobación no seu caso do Manual de Bo Goberno e Comité Ético.

7. Identificación de proposta de actividades a desenvolver por Espazocoop, no 2021.

Traballo por grupos (a nivel sectorial e xeral) para identificar propostas para o plan operativo de 2021:

- que actuacións e actividades demandamos para atender as necesidades das cooperativas,
- que tipo de programas e intervencións nos gustaría que desenvolvese Espazocoop,
- identificación de demandas políticas a nivel lexislativo (xurídico, fiscal, laboral...), representativo, sectorial,...

8. Elección das persoas que asinarán o acta.

Xunto co presidente e secretario da asemblea.

9. Rogos e preguntas.

Hora prevista de remate: 19:00h

(Ver anexo informativo 2ª Páxina)


espazo coop
unión de cooperativas galegas
www.espazo.coop

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os estatutos Sociais de ESPAZOOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA

Para participar na Asemblea, as persoas deberán inscribirse no formulario que se xuntaba no correo enviado coa convocatoria, ou ben a través da nova na web de Espazocoop, indicando no caso de que sexan varias persoas socias da mesma cooperativa, que persoa ostentará a representación e o dereito á voto.

O día antes da celebración remitirase enlace á plataforma para o acceso á mesma.

Para aquelas persoas non familiarizadas co uso da plataforma achégase un videotutorial de uso básico:

<https://www.youtube.com/watch?v=Y8hv5vnZ2ag>